



Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As músicas da Cova do Rego de Foz

No Rego de Foz, na praia da Rapadoira, concello de Foz (Lugo) había unha cova estreita e alta, que cegaba, por debaixo dela, ata o medio da estrada. Cando se construíu o paseo marítimo a cova desapareu. Xa nunca máis se van poder escoitar as músicas que, segundo dicían os vellos, se podían escoitar alí nas noites tranquilas e nas horas en que a marea estaba alta.

BIBLIOGRAFÍA

BASANTA MARTÍNEZ, X., *Foz. Historias, contos e lendas*, Deputación Provincial de Lugo, 2003.